

El pasado 17 de maio, en Compostela, presentamos a campaña “100 rúbricas contra a ALLA”, coa que queremos **pedir un organismo propio pral Eo-Navia en colaboración coa *Universidad de Oviedo*** que se ocupe da nosa lingua e así anular a tutela da Academia de la Llingua asturiana.

A campaña leva consigo a firma dun manifesto (que acompaña a esta carta e del que xa se recolleron en Santiago úas 50 rúbricas) e é mui importante que, se tas de acordo con lo que se pide, cubras cos tous datos a folla de rúbricas pra que despós la envíes por correo postal a:

Natalia Jardón Pérez

Armal, s/n

33725 Boal

Taría muito ben que consigas que amigos e amigas, parentes, persoas achegadas e vecías... apoien tamén este manifesto. Contas máis persoas lo apoien, máis posibilidades de que as cousas podan cambiar!!!

Un abrazo.

**Natalia Jardón Pérez**

**Presidenta de Axuntar**

CAMPAÑA:  
“CEN RÚBRICAS CONTRA A ALLA”

POLA NORMALIZACIÓN DEL GALEGO DE ASTURIAS E POR UN  
INSTITUTO DEL GALEGO DE ASTURIAS (IGALA)

Ante a situación pola que atravesamos a lingua galega en Asturias, desde Axuntar

QUEREMOS MANIFESTAR:

**Que** toda a filoloxía dice que a nosa variedade dialectal é galego.

**Que** el glotónimo legal desta variedade dialectal é *gallego-asturiano* (Lei 1998/1).

**Que** el termo *gallego-asturiano* foi acuñado por **Dámaso Alonso** para designar el galego que se fala en territorio administrativo asturiano: el galego de Asturias.

**Que** a normalización lingüística del galego de Asturias é competencia legal e obriga moral del goberno e das administracións asturianas.

**Que** a normativización lingüística del galego de Asturias (normativa, diccionario, gramática, formación) non pode ser competencia de úa academia doutra lingua.

**Que** el galego de Asturias precisa **dúa institución propia creada coa colaboración da *Universidad de Oviedo*: el Instituto del Galego de Asturias (IGALA)**, que se encargue da defensa, estudio e normativización desta variante dialectal, establecendo lazos de cooperación coa Real Academia Galega, el Instituto da Lingua Galega, e demais organismos relacionados coa lingua galega, con independencia das fronteiras administrativas, tal e como establece el Consello de Europa nel *VI Informe de Cumprimento en España da Carta Europea de Linguas Rexionales e/o Minoritarias* (2024).

**Que é de xustiza que os falantes de galego en Asturias teñan os mesmos dereitos que os falantes de galego en Galicia.**

Por todo elo,  
PEDIMOS al goberno de Asturias:

**Que** asuma a realidade lingüística del sou territorio, nel que 18 concellos tein como idioma propio úa variante oriental del idioma galego, recollido na Lei 1998/1.

**Que** elimine as competencias da Academia de la Llingua Asturiana sobre el gallego asturiano.

**Que** se cre úa institución propia nel Eo-Navia, en colaboración coa *Universidad de Oviedo*; que esta institución estea formada por especialistas da lingua galega (doutores, investigadores, escritores...); que esa institución manteña úa relación directa coa Real Academia Galega, e seña el estamento consultivo del goberno de Asturias para os cursos de formación, traduciois, toponimia e todo lo que teña que ver coel galego de Asturias.

**Que** a lingua galega tea presente nas Escolas Oficiais de Idiomas, en particular na EOI de L��uarca, e tamén como lingua optativa en escolas e institutos de Secundaria tal e como se vén fendo nel territorio del Bierzo e na Seabra, posto que el estudio del galego para os e as asturianas, en xeral, e para a xente del Eo-Navia en particular, é dun interés indiscutible.

**Que** se establezan lazos de cooperación entre el Principado de Asturias e outras Comunidades Autónomas galegofalantes, análogos aos que se dan, por exemplo, nas provincias de León e Zamora entre a propia Xunta de Galicia e a Xunta de Castela e León, tal e como recomenda el Consello de Europa.

Axuntar PÍDEVOS que -como asociación, colectivo, grupo social ou a nivel individual- vos sumedes e apoiodes as nosas xustas reivindiciois ante el Principado de Asturias, a Consellería de Cultura e a Academia da Llingua asturiana, firmando este MANIFESTO.

APOIO A CAMPAÑA **CEN RÚBRICAS** CONTRA A ALLA, POLA  
NORMALIZACIÓN DEL GALEGO DE ASTURIAS E POR UN  
INSTITUTO DEL GALEGO DE ASTURIAS (IGALA)

NOME E APELIDOS

DNI / CIF

RÚBRICA

---

.-

.-

.-

.-

.-

.-

.-

.-

.-